

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



PROGRAMACIÓN

MÚSICA DE CÁMARA DE CANTO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. METODOLOXÍA.....	5
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	7
3. TEMAS TRANSVERSAIS	8
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	8
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	9
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	10
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	11
5.1. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL	11
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	11
5.1.2. <i>Contidos</i>	11
5.1.3. <i>Avaliación</i>	11
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	14
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	15
5.2. ► CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL	17
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	17
5.2.2. <i>Contidos</i>	17
5.2.3. <i>Avaliación</i>	17
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	19
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	21
5.3. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	23
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	23
5.3.2. <i>Contidos</i>	23
5.3.3. <i>Avaliación</i>	23
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	26

5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	27
5.4.	➤ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	29
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	29
5.4.2.	<i>Contidos</i>	29
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	29
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	31
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	33
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	35
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	36
8.	ANEXOS	37
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	37
8.2.	PROBAS DE ACCESO.....	38
	➤ Proba de acceso a 4º de Grao Profesional.....	38
	➤ Proba de acceso a 5º de Grao Profesional.....	40
	➤ Proba de acceso a 6º de Grao Profesional.....	42

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, teñen por finalidade promocionalrle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos/as e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación dá concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

Establécense os seguintes principios metodolóxicos:

- Desenvolvemento da personalidade e sensibilidade propias do alumno/a.
- Estímulo e crecemento da receptividade, creatividade e capacidade de resposta do alumno/a ante o feito artístico.
- Aprendizaxes funcionais.
- Interrelación entre distintos contidos dunha mesma área e entre contidos de distintas materias.
- Orientación pedagóxica.
- Traballo conxunto do corpo docente.
- Proxecto curricular como reflexo da práctica docente.
- Avaliación personalizada como punto de referencia para a actuación pedagóxica.
- Avaliación e análise crítico dos procesos de ensino.
- Impulso da autonomía do alumno/a e a súa implicación responsable.
- Aplicación dun método de traballo na aula sobre repertorio das distintas épocas, que terá como referencia os seguintes aspectos:
 - Análise do traballo realizado polo alumno/a ao longo da semana.
 - Control da posición corporal que conleva o correcto funcionamento da voz, nos parámetros da respiración, emisión e afinación.
 - Exercicios para o desenvolvemento das capacidades rítmicas, sonoras e interpretativas do conxunto voz-piano.
 - Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
 - Corrección e aprendizaxe das pezas mediante elementos illados.
 - Traballo dos diferentes tipos de memoria.
 - Afondamento do traballo realizado mediante variacións dalgún elemento da obra: substitución do texto por unha sílaba que facilite a colocación vocal, transporte á oitava inferior dunha pasaxe sobreaguda, etc.
 - En caso de ser apropiado, iniciación de novos traballos musicais.
 - Lectura a primeira vista.
 - Participación en audicións e concertos.
 - Audicións de interpretacións de obras escollidas do repertorio de conxunto e realización de traballos escritos sobre as obras escoitadas e as interpretacións.

Elaborarase unha relación de repertorio que sexa posible abarcar na súa totalidade polos dous membros activos do conxunto. Desde xeito, o alumno/a poderá poñer máis atención no tempo, na coordinación entre as dúas partes sen que a partitura sexa dunha grande complexidade técnica e que ao mesmo tempo sexa motivadora.

Aplicarase unha metodoloxía activa co alumno/a como protagonista da súa propia aprendizaxe, experimentando e descubrindo por si mesmo, actuando o profesor/a como guía-orientador/a.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son do tipo:

- Traballo vocal preparatorio, coa axuda do piano, que conduza ao correcto uso da voz durante a sesión, evitando a fatiga. Extensión vocal.
- Traballo de lectura a primeira vista, en contexto tonal e non tonal.

- Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No principio do curso académico, despois da matriculación, cada Departamento revisará a matrícula para detectar posibles casos de alumnado que requira unha atención especial. De acontecer así, realizarase a adaptación curricular correspondente na que se terán en conta os seguintes aspectos de acordo co tipo de circunstancia concreta (problemas e minusvalías motoras, cegueiras, etc):

- Programa adaptado.
- Material específico para uso do profesor/a e do alumno/a na aula.
- Acomodo de horarios e aulas dispoñibles.
- Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas e cos pais do alumno/a.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exhibibles fixados na programación.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno/a non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de

propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe será imprescindible recurrir a este tipo de ferramentas. Medios audiovisuais e na Rede, programas informáticos e recursos para a comunicación conforman a selección que desenvolvemos.

- Medios Audiovisuais:
 - Material en CD e DVD coas gravacións de grandes intérpretes; cámara de vídeo e gravadora de son, así como aplicacións diversas de libre disposición para realizar edicións.
- Medios en internet:
 - Karaokes dos acompañamentos pianísticos na Rede; traductores e lectores de textos; consulta bibliográfica en diferentes plataformas; blogs de diferentes autores e institucións onde se desenvolven traballos monográficos sobre grandes compositores e intérpretes; recensións sobre ciclos de concertos.
- Programas informáticos:
 - Software libre para a elaboración de traballos e programas editores de textos musicais como Encore ou Sibelius; aplicacións diversas de libre disposición para realizar montaxes de audio e vídeo.
- Medios para a comunicación:
 - O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións e demais eventos.
 - Elaboración de carteis e programas de concertos co correspondente apuntamento bibliográfico e a súa difusión en medios telemáticos.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases individuais e de conxunto, complementándoas con actividades o máis variadas posíbeis que poñan en contacto os nosos alumnos/as coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:
 - Audicións de alumnos/as do conxunto das materias de Música de Cámara, seguidas de comentarios colectivos de profesores/as e alumnos/as sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos/as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores/as do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos/as nas súas actuacións.
 - Concertos didácticos a cargo de profesores/as das diferentes materias, de exalumnos/as que estean cursando estudos de nivel superior, ou de artistas que se axeiten a esa modalidade.
 - Presentacións de traballos orixinais e publicacións de índole diversa, de exalumnos/as, profesores/as ou xente, dalgún xeito, achegada ao Conservatorio.

- Organizadas polo Conservatorio:
 - Recitais e concertos en diferentes formatos e modalidades, dentro ou fóra do Centro, en lugares de interese artístico e cultural, ou ao aire libre, en datas sinaladas polo calendario escolar como o inicio ou a finalización do curso, Santa Icíá, o Nadal, Letras Galegas, ou a lembranza dun grande compositor/a ou intérprete.
 - Asistencia a concertos na propia localidade ou noutras da propia bisbarra ou mesmo do ámbito da Comunidade Autónoma, en moitos casos, co aproveitamento de entradas ofrecidas polas entidades organizadoras.

- Organizadas pola Administración local, da que o Centro é dependente:
 - Participación de alumnos/as e profesores/as en actos de natureza diversa como a celebración do Días das Belas Artes, do Día contra a Violencia de Xénero, etc.

- Organizadas por outras entidades, a nivel local:
 - Participación de alumnos/as e profesores/as no ciclo de concertos da Programación “Adral” da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, cunha periodicidade anual.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

Aínda que excepcionalmente non sexa así, no noso centro desenvolvemos esta materia co apoio da figura do profesor/a pianista acompañante.

5.1. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL

5.1.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e vocal.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente a parte correspondente ao piano mentres se executa a propia.
- Desenvolver un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel que permita o uso correcto da propia voz dentro do conxunto voz-piano, sen a presenza do profesor/a da especialidade.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director/a.

5.1.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, fiato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- A agóxica e a dinámica.
- O estudo e a práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para cantar sen director/a.
- O balance ou equilibrio sonoro entre planos diversos.
- A análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- O acompañamento ao canto.
- As linguas latina, italiana, alemana e calquera das do conxunto do Estado.
- As audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpreta obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación voz-piano. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprensión por parte do alumnado da proposta interpretativa suxerida polo profesor/, á vez que pianista acompañante.
- Le a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estuda por conta propia as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Interpreta en público obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a correcta dicción, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

- Interpreta en público unha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e graffías, así como o equilibrio sonoro dentro dun contexto diferente ao de voz-piano, con instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

Mínimos esixibles

- Interpretar -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.
- Repentizar, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.
- Realizar, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos/as, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno/a, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma máis axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno/a a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor/a dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno/a.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos e asimilación dos contidos propostos. O recurso das audicións de aula, a pequeno formato, o feito de cantar diante dos compañeiros/as extraendo conclusións pode ser unha moi boa ferramenta de avaliación.
- A organización de recitais de periodicidade trimestral coa presenza, son só de compañeiros/as da especialidade, senón do conxunto da comunidade educativa.
- A convocatoria de probas con periodicidade trimestral, coa presenza individual do profesor/a, ou ben de outros/as especialistas da materia.
- Así mesmo, terase moito en conta o coidado do material propio. Vixiarase o feito de que o alumno/a se presente en clase semanalmente coas partituras da súa propiedade, nas que realizará apuntamentos relativos aos parámetros da interpretación en concordancia co profesor/a, ademais, pianista acompañante.
- A asimilación de ferramentas para a práctica da lectura a primeira vista.

- A elaboración dun traballo bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos/as:

Criterios	%
1. Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno/a supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor/a considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno/a poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

A seguinte relación de actividades pode ser clarificadora sobre o tipo de traballo a realizar na clase de música de cámara de canto:

Actividade	Obxectivo
1. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a a lectura a vista dunha lección de entoación de contido máis sinxelo, mais no mesmo contexto harmónico que a Aria a traballar.	Esta actividade ten como obxectivo reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a.
2. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a o transporte ascendente e descendente dun motivo característico da Aria a traballar, que presente algunha dificultade.	Esta actividade ten como obxectivo, amais de reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a, a mellora da afinación harmónica.
3. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a lectura conxunta dun texto en alemán e mais a súa tradución.	Esta actividade ten como obxectivo a comprensión da linguaxe escollida polo compositor/a para a creación da súa obra e a definición do criterio interpretativo. Plantéxase como actividade de ampliación.
4. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a escoita activa da obra que están traballando.	Esta actividade ten como obxectivo profundizar na comprensión dun estilo, mediante a interpretación de artistas de grande renome, e a orientación para lograr unha interpretación coherente. Plantéxase como unha actividade de ampliación.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar a proba desta convocatoria, o alumno/a deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación dos alumnos/as, procederase de xeito semellante ao establecido máis arriba:

criterios	%
1. Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

5.1.5. Recursos didácticos

Materiais de aula:

Na aula de música de cámara de canto dispoñemos de atril, espello e piano de cola.

Relación de estilos e autores:

- Obras do período Barroco de autores como Haëndel, Vivaldi, Carissimi, Pergolesi e outros.
- Obras do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Martín e Adoitar, e outros.
- Lieder do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Carl Philip E. Bach e outros.
- Lieder do período Romántico de autores como Schubert, Schumann, Brahms e outros.
- Composizione da Camera de Donizetti, Bellini, Tosti e outros.
- Zarzuela de Vives, Sorozábal, Guridi, Barbieri, Serrano, Bretón e outros.
- Cancións españolas de Guridi, Turina, Toldrá, García Abril, Falla, Granados, Rodrigo entre outros.
- Cancións en lingua galega de autores como Xosé Castro “Chané”, Xoán Montes, J. Baldomir entre outros.

Breve apuntamento bibliográfico:

- Parisotti, A.: Arie Antiche, Collezione completa, in tre volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- Bellini, V.: Canzone per voce e pianoforte. Elio Battaglia, revisione critico-tecnica. Ed. Ricordi, Milano.
- Tosti, Francesco Paolo: Romanze, in cinque volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- José Castro “Chané”: Melodías galegas. Viso editorial. A Coruña.
- Gimeno, C.: Mi primer Liederbuch. Rivera editores. Valencia.

Para o traballo de lectura a primeira vista:

- Sierra, F.: Para cantar (en seis volumes). Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Sierra, F.: Lecciones de entonación (en seis volumes). Real Musical. Madrid.
- Sierra, F.: 15 Lecciones de solfeo interválico. Nivel medio. Real Musical. Madrid.
- Armenteros, E.: A través de las escalas. Musicinco. Madrid.
- Vaccai, N.: Practical Method of Italian Singing. G. Schirmer, Inc. New York.
- Travieso, P.: Proposta metodolóxica para o traballo auditivo ou ditado. Material non publicado elaborado polo profesor.

5.2. ► CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL

5.2.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e vocal.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente a parte correspondente ao piano mentres se executa a propia.
- Desenvolver un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel que permita o uso correcto da propia voz dentro do conxunto voz-piano, sen a presenza do profesor ou profesora da especialidade.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

5.2.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, fiato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- A agónica e a dinámica.
- O estudo e a práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para cantar sen director ou directora.
- O balance ou equilibrio sonoro entre planos diversos.
- A análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- O acompañamento ao canto.
- As linguas latina, italiana, alemana e calquera das do conxunto do Estado.
- As audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpreta obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación voz-piano. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprensión por parte do alumnado da proposta interpretativa suxerida polo profesor ou profesora, á vez que pianista acompañante.
- Le a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estuda por conta propia as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Interpreta en público obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a correcta dicción, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.
- Interpreta en público unha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e graffas, así como o equilibrio sonoro dentro dun contexto diferente ao de voz-piano, con instrumentos de morfologías diversas e pouco

habituais.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno/a terá que:

- Interpretar -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de oito obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.
- Repentizar, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.
- Realizar, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos/as, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno/a, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma máis axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor/a dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno/a.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos e asimilación dos contidos propostos. O recurso das audicións de aula, a pequeno formato, o feito de cantar diante dos compañeiros/as extraendo conclusións pode ser unha moi boa ferramenta de avaliación.
- A organización de recitais de periodicidade trimestral coa presenza, son só de compañeiros/as da especialidade, senón do conxunto da comunidade educativa.
- A convocatoria de probas con periodicidade trimestral, coa presenza individual do profesor/a, ou ben de outros/as especialistas da materia.
- Así mesmo, terase moito en conta o coidado do material propio. Vixiarase o feito de que o alumno/a se presente en clase semanalmente coas partituras da súa propiedade, nas que realizará apuntamentos relativos aos parámetros da interpretación en concordancia co profesor/a, ademais, pianista acompañante.
- A asimilación de ferramentas para a práctica da lectura a primeira vista.
- A elaboración dun traballo bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos/as:

Criterios	%
1. Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de oito obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

A seguinte relación de actividades pode ser clarificadora sobre o tipo de traballo a realizar na clase de música de cámara de canto:

Actividade	Obxectivo
1. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a a lectura a vista dunha lección de entoación de contido máis sinxelo, mais no mesmo contexto harmónico que a Aria a traballar.	Esta actividade ten como obxectivo reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a.
2. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a o transporte ascendente e descendente dun motivo característico da Aria a traballar, que presente algunha dificultade.	Esta actividade ten como obxectivo, amais de reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a, a mellora da afinación harmónica.
3. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a lectura conxunta dun texto en alemán e mais a súa tradución.	Esta actividade ten como obxectivo a comprensión da linguaxe escollida polo compositor/a para a creación da súa obra e a definición do criterio interpretativo. Plantéxase como actividade de ampliación.
4. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a escoita activa da obra que están traballando.	Esta actividade ten como obxectivo profundizar na comprensión dun estilo, mediante a interpretación de artistas de grande renome, e a orientación para lograr unha interpretación coherente. Plantéxase como unha actividade de ampliación.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar a proba desta convocatoria, o alumno/a deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación dos alumnos/as, procederase de xeito semellante ao establecido máis arriba:

Crterios	%
1. Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de oito obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10

c)	Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d)	Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e)	Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de pequena dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.		25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.		25

5.2.5. Recursos didácticos

Materiais de aula:

Na aula de música de cámara de canto dispoñemos de atril, espello e piano de cola.

Relación de estilos e autores:

- Obras do período Barroco de autores como Haëndel, Vivaldi, Carissimi, Pergolesi e outros.
- Obras do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Martín e Adoitar, e outros.
- Lieder do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Carl Philip E. Bach e outros.
- Lieder do período Romántico de autores como Schubert, Schumann, Brahms e outros.
- Composizione da Camera de Donizetti e Bellini.
- Zarzuela de Vives, Sorozábal, Guridi, Barbieri, Serrano, Bretón e outros.
- Cancións españolas de Guridi, Turina, Toldrá, García Abril, Falla, Granados, Rodrigo entre outros.
- Cancións en lingua galega de autores como Xosé Castro “Chané”, Xoán Montes, J. Baldomir entre outros.

Breve apuntamento bibliográfico:

- Parisotti, A.: Arie Antiche, Collezione completa, in tre volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- Bellini, V.: Canzone per voce e pianoforte. Elio Battaglia, revisione critico-tecnica. Ed. Ricordi, Milano.
- Tosti, Francesco Paolo: Romanze, in cinque volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- José Castro “Chané”: Melodías galegas. Viso editorial. A Coruña.
- Gimeno, C.: Mi primer Liederbuch. Rivera editores. Valencia.

Para o traballo de lectura a primeira vista:

- Sierra, F.: Para cantar (en seis volumes). Mundimúsica Ediciones. Madrid.

- Sierra, F.: Lecciones de entonación (en seis volumes). Real Musical. Madrid.
- Sierra, F.: 15 Lecciones de solfeo interválico. Nivel medio. Real Musical. Madrid.
- Armenteros, E.: A través de las escalas. Musicinco. Madrid.
- Vaccai, N.: Practical Method of Italian Singing. G. Schirmer, Inc. New York.
- Travieso, P.: Proposta metodolóxica para o traballo auditivo ou ditado. Material non publicado elaborado polo profesor.

5.3. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

5.3.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e vocal.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente a parte correspondente ao piano mentres se executa a propia.
- Desenvolver un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel que permita o uso correcto da propia voz dentro do conxunto voz-piano, sen a presenza do profesor/a da especialidade.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

5.3.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, fiato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- A agóxica e a dinámica.
- O estudo e a práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para cantar sen director ou directora.
- O balance ou equilibrio sonoro entre planos diversos.
- A análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- O acompañamento ao canto.
- As linguas latina, italiana, alemana, francesa e calquera das do conxunto do Estado.
- As audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpreta obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación voz-piano. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprensión por parte do alumnado da proposta interpretativa suxerida polo profesor/a, á vez que pianista acompañante.
- Actúa como responsable do conxunto voz-piano, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.
- Le a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estuda por conta propia as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Interpreta en público obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a correcta dicción, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

- Interpreta en público unha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e graffías, así como o equilibrio sonoro dentro dun contexto diferente ao de voz-piano, con instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

Mínimos esixibles

- Para superar o curso o alumno/a terá que:
- Interpretar de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de dez obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.
- Repentizar, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.
- Realizar, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos/as, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno/a, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma máis axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor/a dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno/a.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos e asimilación dos contidos propostos. O recurso das audicións de aula, a pequeno formato, o feito de cantar diante dos compañeiros/as extraendo conclusións pode ser unha moi boa ferramenta de avaliación.
- A organización de recitais de periodicidade trimestral coa presenza, son só de compañeiros/as da especialidade, senón do conxunto da comunidade educativa.
- A convocatoria de probas con periodicidade trimestral, coa presenza individual do profesor/a, ou ben de outros/as especialistas da materia.
- Así mesmo, terase moito en conta o coidado do material propio. Vixiarase o feito de que o alumno/a se presente en clase semanalmente coas partituras da súa propiedade, nas que realizará apuntamentos relativos aos parámetros da interpretación en concordancia co profesor/a, ademais, pianista acompañante.

- A asimilación de ferramentas para a práctica da lectura a primeira vista.
- A elaboración dun traballo bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos/as:

Criterios	%
1. Interpreta de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de dez obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno/a supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor/a considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno/a poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

A seguinte relación de actividades pode ser clarificadora sobre o tipo de traballo a realizar na clase de música de cámara de canto:

Actividade	Obxectivo
1. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a a lectura a vista dunha lección de entoación de contido máis sinxelo, mais no mesmo contexto harmónico que a Aria a traballar.	Esta actividade ten como obxectivo reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a.
2. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a o transporte ascendente e descendente dun motivo característico da Aria a traballar, que presente algunha dificultade.	Esta actividade ten como obxectivo, amais de reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a, a mellora da afinación harmónica.
3. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a lectura conxunta dun texto en alemán e mais a súa tradución.	Esta actividade ten como obxectivo a comprensión da linguaxe escollida polo compositor/a para a creación da súa obra e a definición do criterio interpretativo. Plantéxase como actividade de ampliación.
4. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a escoita activa da obra que están traballando.	Esta actividade ten como obxectivo profundizar na comprensión dun estilo, mediante a interpretación de artistas de grande renome, e a orientación para lograr unha interpretación coherente. Plantéxase como unha actividade de ampliación.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar a proba desta convocatoria, o alumno/a deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación dos alumnos/as, procederase de xeito semellante ao establecido máis arriba:

Craterios	%
1. Interpreta de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de dez obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

5.3.5. Recursos didácticos

Materiais de aula:

Na aula de música de cámara de canto dispoñemos de atril, espello e piano de cola.

Relación de estilos e autores:

- Obras do período Barroco de autores como Haëndel, Vivaldi, Purcell e outros.
- Obras dos períodos Clásico e Romántico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Schubert, Bellini, Donizetti, Grieg e outros.
- Ópera francesa de autores como Rameau, Lully, Gluck e outros.
- Composizione da Camera e Ópera de Bellini, Donizetti, Rossini e outros.
- Lieder do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Carl Philip E. Bach e outros. do período Romántico de autores como Schubert, Schumann, Brahms e outros.
- Lieder do período Romántico de autores como Schubert, Schumann, Brahms e outros.
- Lieder do período Postromántico de autores como Hugo Wolf, Malher, R. Strauss e outros.
- Mèlodies de Fauré, Debussy, Poulenc, Satie, Ravel, Duparc e outros.
- Zarzuela de Vives, Serrano, Sorozábal, Torroba e outros,
- Cancións españolas de Falla, Toldrá, Turina, Granados, Rodrigo e outros.
- Cancións en lingua galega de autores como Xosé Castro “Chané”, Xoán Montes, J. Baldomir entre outros.
- Cancións contemporáneas en lingua galega de autores como Julio Domínguez, Octavio Vázquez, Juan Durán, María Mendoza e outros/as.

Breve apuntamento bibliográfico:

- Parisotti, A.: Arie Antiche, Collezione completa, in tre volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- Bellini, V.: Canzone per voce e pianoforte. Elio Battaglia, revisione critico-tecnica. Ed. Ricordi, Milano.
- Tosti, Francesco Paolo: Romanze, in cinque volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- José Castro “Chané”: Melodías galegas. Viso editorial. A Coruña.
- AAVV: Linguas a Rosalía. Catro cancións galegas sobre textos de poetisas e poetas románticos. Deputación de Pontevedra.
- AAVV: Dezaseis cancións para voz e piano. Consello da Cultura Galega.
- Moreno Fuentes, J. A.: Oito canções sobre poemas de Rosalia. Ed. Dos acordes.
- Gimeno, C.: Mi primer Liederbuch. Rivera editores. Valencia.

Para o traballo de lectura a primeira vista:

- Sierra, F.: Para cantar (en seis volumes). Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Sierra, F.: Lecciones de entonación (en seis volumes). Real Musical. Madrid.
- Sierra, F.: 15 Lecciones de solfeo interválico. Nivel medio. Real Musical. Madrid.
- Armenteros, E.: A través de las escalas. Musicinco. Madrid.
- Vaccai, N.: Practical Method of Italian Singing. G. Schirmer, Inc. New York.
- Travieso, P.: Proposta metodolóxica para o traballo auditivo ou ditado. Material non publicado elaborado polo profesor.

5.4. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL

5.4.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e vocal.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente a parte correspondente ao piano mentres se executa a propia.
- Desenvolver un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel que permita o uso correcto da propia voz dentro do conxunto voz-piano, sen a presenza do profesor/a da especialidade.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

5.4.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, fiato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- A agóxica e a dinámica.
- O estudo e a práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para cantar sen director ou directora.
- O balance ou equilibrio sonoro entre planos diversos.
- A análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- O acompañamento ao canto.
- As linguas latina, italiana, alemana, francesa, inglesa e calquera das do conxunto do Estado.
- As audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

5.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpreta obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación voz-piano. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprensión por parte do alumnado da proposta interpretativa suxerida polo profesor/a, á vez que pianista acompañante.
- Actúa como responsable do conxunto voz-piano, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.
- Le a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estuda por conta propia as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Interpreta en público obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a correcta dicción, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

- Interpreta en público unha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e graffías, así como o equilibrio sonoro dentro dun contexto diferente ao de voz-piano, con instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno/a terá que:

- Interpretar de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de doce obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.
- Repentizar, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.
- Realizar, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos/as, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno/a, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma máis axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor/a dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno/a.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos e asimilación dos contidos propostos. O recurso das audicións de aula, a pequeno formato, o feito de cantar diante dos compañeiros/as extraendo conclusións pode ser unha moi boa ferramenta de avaliación.
- A organización de recitais de periodicidade trimestral coa presenza, son só de compañeiros/as da especialidade, senón do conxunto da comunidade educativa.
- A convocatoria de probas con periodicidade trimestral, coa presenza individual do profesor/a, ou ben de outros/as especialistas da materia.
- Así mesmo, terase moito en conta o coidado do material propio. Vixiarase o feito de que o alumno/a se presente en clase semanalmente coas partituras da súa propiedade, nas que realizará apuntamentos relativos aos parámetros da interpretación en concordancia co profesor/a, ademais, pianista acompañante.

- A asimilación de ferramentas para a práctica da lectura a primeira vista.
- A elaboración dun traballo bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos/as:

Criterios	%
1. Interpreta de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de doce obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b) Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Por se tratar do curso co que rematan os estudos de grao profesional, non está contemplada a posibilidade de ampliación de matrícula.

5.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

A seguinte relación de actividades pode ser clarificadora sobre o tipo de traballo a realizar na clase de música de cámara de canto:

Actividade	Obxectivo
1. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a a lectura a vista dunha lección de entoación de contido máis sinxelo, mais no mesmo contexto harmónico que a Aria a traballar.	Esta actividade ten como obxectivo reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a.
2. Coa axuda do soporte harmónico ofrecido polo piano, pedimos ao alumno/a o transporte ascendente e descendente dun motivo característico da Aria a traballar, que presente algunha dificultade.	Esta actividade ten como obxectivo, amais de reforzar o nivel de lectura a vista do alumno/a, a mellora da afinación harmónica.
3. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a lectura conxunta dun texto en alemán e mais a súa tradución.	Esta actividade ten como obxectivo a comprensión da linguaxe escollida polo compositor/a para a creación da súa obra e a definición do criterio interpretativo. Plantéxase como actividade de ampliación.
4. O profesor/a e mais o alumno/a realizan a escoita activa da obra que están traballando.	Esta actividade ten como obxectivo profundizar na comprensión dun estilo, mediante a interpretación de artistas de grande renome, e a orientación para lograr unha interpretación coherente. Plantéxase como unha actividade de ampliación.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar a proba desta convocatoria, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación dos alumnos/as, procederase de xeito semellante ao establecido máis arriba:

Colo	Criterios	%
	1. Interpreta de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de doce obras de entre as propostas para o conxunto do curso, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	50
a)	Interioriza o conxunto das obras propostas.	10
b)	Acepta a pauta interpretativa suxerida polo profesor/a.	10
c)	Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	10
d)	Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	10

e)	Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	10
	2. Repentiza, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra de mediana dificultade, con claros contornos tonais, dentro do conxunto voz-piano, cun patrón de acompañamento que non dobre a melodía.	25
	3. Realiza, baixo as directrices do profesor/a, un traballo de carácter bibliográfico e analítico sobre unha das obras traballadas ao longo do curso.	25

5.4.5. Recursos didácticos

Materiais de aula:

Na aula de música de cámara de canto dispoñemos de atril, espello e piano de cola.

Relación de estilos e autores:

- Obras do período Barroco de autores como Haëndel, Vivaldi, Purcell e outros.
- Obras dos períodos Clásico e Romántico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Schubert, Bellini, Donizetti, Grieg e outros.
- Ópera francesa de autores como Rameau, Lully, Gluck e outros.
- Composizione da Camera e Ópera de Bellini, Donizetti, Rossini e outros.
- Lieder do período Clásico de autores como Haydn, Mozart, Beethoven, Carl Philip E. Bach e outros.
- Lieder do período Romántico de autores como Schubert, Schumann, Brahms e outros.
- Lieder do período Postromántico de autores como Hugo Wolf, Malher, R. Strauss e outros.
- Cancións escocesas e inglesas do s. XIX.
- Cancións e Ópera inglesa ou americana de Haëndel, Purcell, Britten, Barber, V. Williams, Menotti, Weill, Gershwing e outros.
- Zarzuela de Vives, Serrano, Sorozábal, Torroba e outros,
- Cancións españolas de Falla, Toldrá, Turina, Granados, Rodrigo e outros.
- Cancións en lingua galega de autores como Xosé Castro “Chané”, Xoán Montes, J. Baldomir entre outros.
- Cancións contemporáneas en lingua galega de autores como Julio Domínguez, Octavio Vázquez, Juan Durán, María Mendoza e outros/as.

Breve apuntamento bibliográfico:

- Parisotti, A.: Arie Antiche, Collezione completa, in tre volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- Bellini, V.: Canzone per voce e pianoforte. Elio Battaglia, revisione critico-tecnica. Ed. Ricordi, Milano.
- Tosti, Francesco Paolo: Romanze, in cinque volumi. Ed. Ricordi, Milano.
- José Castro “Chané”: Melodías galegas. Viso editorial. A Coruña.
- AAVV: Linguas a Rosalía. Catro cancións galegas sobre textos de poetisas e poetas románticos. Deputación de Pontevedra.
- AAVV: Dezaseis cancións para voz e piano. Consello da Cultura Galega.

- Moreno Fuentes, J. A.: Oito canções sobre poemas de Rosalia. Ed. Dos acordes.
- Gimeno, C.: Mi primer Liederbuch. Rivera editores. Valencia.

Para o traballo de lectura a primeira vista:

- Sierra, F.: Para cantar (en seis volumes). Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Sierra, F.: Lecciones de entonación (en seis volumes). Real Musical. Madrid.
- Sierra, F.: 15 Lecciones de solfeo interválico. Nivel medio. Real Musical. Madrid.
- Armenteros, E.: A través de las escalas. Musicinco. Madrid.
- Vaccai, N.: Practical Method of Italian Singing. G. Schirmer, Inc. New York.
- Travieso, P.: Proposta metodolóxica para o traballo auditivo ou ditado. Material non publicado elaborado polo profesor.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o axeitado desenvolvemento das súas programacións didácticas, incluíndo esta, así como os seus resultados serán:

- Reunións de departamento: aproveitaranse para facer achegas, críticas, e calquera tipo de aportación sobre o funcionamento no día a día das programacións.
- Revisión permanente por parte do profesor/a coa fin de que sexa en todo momento un instrumento con aplicación real ás características do alumnado e mais do propio Centro.
- Consulta, por parte do profesor/a, das propostas doutros centros de semellante nivel coa fin de establecer criterios de igualdade.

7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do profesorado son o foro onde se realiza a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación.

Temos en conta que unha avaliación do alumnado tamén e unha proba do persoal do departamento e o grado de conexión con eles. Polo tanto avaliamos as respostas do alumnado e os resultados obtidos nas probas de cada semestre coa finalidade de valorar o nivel alcanzado e suxerir melloras. Tendo en conta ademais as impresións obtidas do contacto e compenetración diario cos alumnos/as.

8. ANEXOS

8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Por norma xeral, para obter os premios de fin de grao atenderase ao disposto da Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.

8.2. PROBAS DE ACCESO

Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do calendario do fin do curso, as probas de acceso a calquera curso dos graos elemental e profesional, hanse celebrar no mes de xuño. Toda a información estará publicada na páxina web do Centro. O alumno/a debe achegar o seu acompañante ou acompañantes.

➤ Proba de acceso a 4º de Grao Profesional

O seguinte gráfico apunta a secuenciación de obxectivos a cumprir:

	Obxectivos
Acceso a 4º GP	Interpretar -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para o curso terceiro, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.

Os criterios de cualificación han ser:

Criterios	%
Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para o curso terceiro, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	100
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	20
b) Amosa un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel.	20
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	20
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	20
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	20

Apuntamos deseguido unha relación, sempre orientativa, de obras de estilos diversos. Porén, aconséllase consultar a escolla do repertorio co Departamento de Canto deste Conservatorio.

Soprano lírica ou lírico lixeira			
Ópera	Oratorio	Lieder	Canción española
Haëndel, G. F. Julio Cesare in Egitto: V'adoro pupille.	Franck, C.: Panis Angelicus.	Brahms, J.: Wiegenlied.	Guastavino, C.: Se equivocó la paloma.

Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Un moto di gioia.		Mendelssohn, F. Sechs Gesänge Op. 99: Wenn sich swei Herzen scheiden.	“Chané”, J. Castro: Os teus ollos.
---	--	---	------------------------------------

Barítono			
Ópera	Oratorio	Lieder	Canción española
Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Cinque, dieci...	Faurè, G. Requiem: Liberame Domine.	Schubert, F. Die schöne Müllerin: Das Wandern.	Halffter, R. Marinero en tierra: Siempre que sueño las playas.
Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Se vuol ballare.		Schubert, F. Die schöne Müllerin: Morgengruss.	Montes, J.: Lonxe da terriña.

► **Proba de acceso a 5º de Grao Profesional**

O seguinte gráfico apunta a secuenciación de obxectivos a cumprir:

	Obxectivos
Acceso a 5º GP	Interpretar -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de oito obras de entre as propostas para o curso cuarto, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.

Os criterios de cualificación han ser:

Criterios	%
Interpreta -facéndoo de memoria no caso da Ópera, a Zarzuela e a Canción española- con corrección técnica e estilística, un total de oito obras de entre as propostas para o curso cuarto, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	100
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	20
b) Amosa un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel.	20
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	20
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	20
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	20

Apuntamos deseguido unha relación, sempre orientativa, de obras de estilos diversos. Porén, aconséllase consultar a escolla do repertorio co Departamento de Canto deste Conservatorio.

Soprano lírica ou lírico lixeira			
Ópera	Oratorio	Lieder	Canción española
Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Venite, inginocchiatevi.	Rossini, G. Moses: Preghiera.	Mendelssohn, F. Sechs Gesänge: Erster Verlust.	Granados, E. Goyescas: La maja dolorosa II.
Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Deh vieni, non tardar.	Schubert, F.: Ave Maria.	Schumann, R. Myrten: Du bist wie eine Blume.	Lens Viera, E.: Malenconía.

Barítono			
Ópera	Oratorio	Lieder	Canción española
Mozart, W. A. Die Zauberflöte: Bei Männern, welche Liebe fühlen.	Franck, C.: Panis Angelicus.	Schubert, F. Schwanengesang; Standchen.	García Abril, A. Cuatro canciones: Coita.
Mozart, W. A. Don Giovanni: Deh vieni alla finestra.		Schubert, F. Op. 106, nº 4; D. 891, An Sylvia.	De Falla, M. Siete canciones populares: Asturiana.

► **Proba de acceso a 6º de Grao Profesional**

O seguinte gráfico apunta a secuenciación de obxectivos a cumprir:

	Obxectivos
Acceso a 6º GP	Interpretar de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de dez obras de entre as propostas para o curso quinto, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.

Os criterios de cualificación han ser:

Criterios	%
Interpreta de memoria -agás no xénero Oratorio- con corrección técnica e estilística, un total de dez obras de entre as propostas para o curso quinto, sendo unha delas en lingua galega, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.	100
a) Interioriza o conxunto das obras propostas.	20
b) Amosa un grao de autonomía vocal axeitado ao nivel.	20
c) Mostra unha correcta dicción e intelixibilidade ao cantar.	20
d) Desenvolve con corrección técnica os parámetros de equilibrio e afinación.	20
e) Interpreta cunha xestualidade acorde ao estilo cada unha das obras propostas.	20

Apuntamos deseguido unha relación, sempre orientativa, de obras de estilos diversos. Porén, aconséllase consultar a escollo do repertorio co Departamento de Canto deste Conservatorio.

Soprano lírica ou lírico lixeira			
Ópera	Oratorio	Canción francesa e italiana	Canción española
Offenbach, J. Les contes d'Hoffmann: Barcarolle.	Fauré, G. Requiem: Pie Jesu.	Fauré, G.: Après un rêve.	Toldrá, E. Seis canciones castellanas: Después que te conocí.
Mozart, W. A. Die Zauberflöte: Bei Männern, welche Liebe fühlen.	Mozart, W. A. Exultate jubilate: Tu virginum corona.	Hahn, R.: Quand je fus pris u pavillon.	Toldrá, E. Seis canciones castellanas: Mañanita de San Juan.

Mozart, W. A. Così fan tutte: In uomini, in soldati.	Mozart, W. A. Visperae solennes de confessore: Laudate Dominum.	Bellini, V.: Ma rendi pur contento.	Granados, E.: El tralalá y el punteado.
--	---	-------------------------------------	---

Barítono			
Ópera	Oratorio	Canción francesa e italiana	Canción española
Mozart, W. A. Le nozze di Figaro: Non più andrai.	Donizetti, G. Requiem: Oro Suplex.	Hahn, R.: L'heure exquise.	De Falla, M. Siete canciones populares: El paño moruno.
Donizetti, G. L'elisir d'amore: Come paride vezzoso.		Tosti, F. P.: Malia.	De Falla, M. Siete canciones populares: Nana.
Donizetti, G. La favorita: Leonora. Vien,		Tosti, F. P.: Non t'amo più.	